



PROGRAMA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA
2007-2013



Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro



Rutas do Viño
Galicia
Norte de Portugal



XUNTA
DE GALICIA

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESEÑO, POSTA EN MARCHA, PROMOCIÓN E MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DO PROXECTO "RUTAS DO VIÑO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL"

O expediente para a contratación do servizo para o **deseño, posta en marcha, promoción e mantemento da páxina web do proxecto "Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal"**, financiado con fondos Feder a través do P.O. Cooperación Transfronteriza España-Portugal iniciouse o 11 de maio de 2010 mediante resolución do director xeral de Agader, cun orzamento de licitación de 30.000 €, IVE incluído. Tramitouse polo procedemento negociado, ao abeiro dos artigos 153 a 162 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

O 5 de agosto de 2010 o director xeral de Agader adxudicou provisionalmente o contrato citado.

De acordo coa adxudicación provisional citada, o director xeral, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,

RESOLVE

Adxudicar o contrato de servizos para o deseño, posta en marcha, promoción e mantemento da páxina web do proxecto "Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", financiado con fondos Feder a través do P.O. Cooperación Transfronteriza España-Portugal, á empresa **Técnicas & Gramaxe S.L.** con CIF **B36380483**, por un importe de **28.084 €**, IVE incluído.

De acordo co previsto no artigo 140.1 da LCSP, o contrato deberá formalizarse no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta adxudicación definitiva.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2010
O director xeral de Agader

Antonio Crespo Iglesias



TURGALICIA



Canello de Ribadavia



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL